

11 Cultura e comunicación

Comunicación

A actualización da identidade corporativa da Universidade da Coruña foi o acontecemento máis visible do ano 2008 en comunicación. A nosa universidade, como as do noso contorno, remodelou non só o símbolo e o logotipo, senón tamén o uso xeral da papelería para non deixar de transmitir imaxe de modernidade, de vangarda, en algo tan funxible, tan perecedeiro e suxeito a percepcións intanxibles como é a identidade corporativa. O novo símbolo, como estilización do anterior, substitúe os raios da Torre de Hércules, que representan a luz, a claridade, o coñecemento en suma. O logotipo asume tipografías de uso común nos computadores.

Para alén de fornecer unha imaxe máis actual e limpa, a identidade corporativa tamén pretendeu ser útil, práctica e facilitar o traballo.

A guía de identidade corporativa da Universidade da Coruña ofrece desde o sitio www.udc.es/identidade-corporativa/ a posibilidade de descarga de ferramentas útiles non só para as imprentas, mais sobre todo para as aplicacións ofimáticas que a comunidade universitaria utiliza a cotío. Ese repertorio permanece aberto ás suxestións e demandas desta comunidade e prevese a incorporación, en intranet, dos modelos de documento máis utilizados.



Mostra da nova guía de identidade corporativa

A visibilidade do anterior complementa o traballo que o Gabinete de Comunicación desenvolveu para proxectar sobre a sociedade, envoltos en imaxe homoxénea e moderna, datos e información do que somos e do que ofrecemos. As actuacións máis salientables foron as seguintes:

- Elaboración da revista *Modernidade Calidade Innovación* con ampla información sobre os centros e as titulacións da Universidade da Coruña, así como noticias sobre outros temas de interese para o futuro alumnado. Desta revista editáronse 6.000 exemplares, que se distribuíron na caseta da UDC no Fórum Orienta. Ademais, publicáronse 1.000 exemplares en español, dos que 500 se levaron á Feira Internacional de Posgrao de Bos Aires; e 500

exemplares traducíronse ao inglés. Esta mesma revista distribuíuse encartada cos xornais *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego* e *Diario de Ferrol* o 22 de xuño. En total, repartíronse 203.200 exemplares no ámbito de difusión da Comunidade Autónoma.

- Campaña de posicionamento da UDC en Google entre o 15 de maio e o 31 de xullo, cun total de 69.095 impresións.
- Elaboración de 5.000 folletos promocionais da UDC distribuídos en man no transcurso da realización das probas de acceso á Universidade que tiveron lugar nos diversos centros do campus de Elviña e de Ferrol.
- Colaboración na organización da presenza da Universidade da Coruña na feira do ensino superior Fórum Orienta, impulsada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que se desenvolveu en Vigo.
- Colaboración no suplemento semanal *Galicia Innova* coordinado por FEUGA e editado en *La Voz de Galicia* con información sobre a investigación nas tres universidades galegas.
- Redacción dun total de 396 notas de prensa que se enviaron a 99 xornalistas. Comezaron a se distribuír noticias no diario dixital *Ibercampus* e no portal Universia. Así mesmo, a Universidade da Coruña integrouse dentro da plataforma web do Servicio de Información y Noticias Científicas da Fundación

Española para la Ciencia y la Tecnología.

- A información da UDC traducíuse en 3.837 impactos en prensa e 129 impactos en xornais editados no resto de España. Atendéronse un total de 1.798 chamadas en demanda de información sobre algún aspecto da UDC.
- O Gabinete de Comunicación asume a produción dos programas de radio que as emisoras de máis audiencia da Coruña lle dedican á Universidade. Mensualmente no caso de Radio Coruña e semanalmente no de Radio Voz.
- Organización do Curso de Introducción á Divulgación Científica na Sociedade, dentro do marco da oferta formativa de verán da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, que se desenvolveu en Sada.

A asunción dun concepto de Gabinete de Comunicación máis amplo que o tradicional de prensa levounos a introducir cambios na estrutura interna do noso gabinete. Incorporouse unha técnica en deseño gráfico e, o que é máis salientable, integrouse nel a Unidade de Recursos Audiovisuais. Esta unidade, en realidade como todo o Gabinete de Comunicación, ten un papel transversal e atende demandas e necesidades da Reitoría, de Protocolo, de Publicacións, de Cultura, etc. Para tal fin, centralizáronse nela empregados que atendían outros espazos e distribuíuse o seu traballo en áreas de asistencia técnica, produción e posproducción audiovisual.

Ao longo do ano a Unidade de Recursos Audiovisuais gravou dezasete conferencias e gravou e editou un total de dezaseis concertos e actividades culturais. Asumiu tamén a gravación de distintos actos institu-

cionais, a elaboración de vídeos de comunicación e promocionais e a asistencia técnica a congresos, seminarios e actos de distinta índole.

Cultura

Aula de Música

Tres feitos cómpre salientar nas actividades da Aula de Música: a madurez acadada polo coro, a fortaleza da Orquestra da Universidade da Coruña e o éxito das escolas musicais. No terreo das músicas actuais, o Campus Rock forma parte xa das axendas dos principais medios dedicados á música, como demostra a atención que lle dedica Música 3. Tivemos tamén a exposición sobre esta emisora, *25 años de pop con Radio 3*, traída da man de Jesús Ordovás. E moi poucas veces pode verse o Paraninfo ateigado de xente nova se non é polo Concerto de Cantautores da Universidade da Coruña, que este ano tivo a segunda edición, o 30 de maio, con Carlos Chaouen como principal convidado.

Ópera Aberta

Dentro do programa Ópera Aberta, retransmitíronse e directo seis óperas desde o Gran Teatre del Liceu de Barcelona e unha en diferido desde o Teatro Real de Madrid. As seis tiveron cadansúa sesión complementaria no Paraninfo, a cargo de especialistas.

II Ciclo de Novos Intérpretes

A Aula de Música organizou este ciclo para promover as novas xeracións de músicos vinculados á UDC ou ao Conservatorio Superior de Música. Programáronse seis concertos e unha conferencia.

Concertos do Coro Universitario e da Orquestra de Cámara

O Coro e a Orquestra de Cámara da UDC participaron nun encontro de coros universitarios en Vigo e protagonizaron os concertos de primavera, o concerto de fin de curso e actuacións na Coruña e en Betanzos xunto coa Coral Universitaria de Murcia. Ademais da súa intervención en actos institucionais da UDC, o coro estivo de xira polo norte de Polonia, dentro dun intercambio co coro da Akademii Morskich de Gdynia.

Escola de Música

Organizáronse tres concertos didácticos e concertos fin de curso na Coruña e en Ferrol. Na Escola de Mú-

sica impartíronse cursos de iniciación á linguaxe musical para nenos e nenas tamén nos dous campus.

Outras músicas

En abril tivo lugar o Festival Campus Rock 2008, no que actuaron cinco grupos. No II Concerto de Cantautores interviñeron cinco artistas.

Cinema

O cinema indispensable e máis difícil de revisar encóntrase, na Coruña e en Ferrol, nos ciclos organizados pola Aula de Cinema e Imaxe. O alto nivel de participantes e asistentes ao segundo curso de verán organizado por ela acadou tamén a atención espe-

cializada. Ábrese agora novas posibilidades grazas á colaboración co Concello de Ferrol.

Teatro e danza

A formación en danza contemporánea, impartida por Rut Balbís e David Castro, ten gran demanda e prepara a súa primeira produción. En teatro, para alén dos cursos desenvolvidos en diferentes niveis, estreouse a produción anual, que en 2008 foi *Ubu rei*, o clásico de vangarda de Alfred Jarry, dirixida por Zé Paredes. A obra non faltou á cita do FITEUC XV, o festival internacional de teatro universitario que a nosa universidade organiza.

Campus	Curso	Horas
Ferrol	Interpretación	30
Ferrol	Técnicas de voz para a interpretación	20
A Coruña	Creación do personaxe	40
A Coruña	Interpretacións sobre textos	80
A Coruña	Teoría teatral: de Platón a Brecht	30
A Coruña	Teatro físico – Comedia dell'Arte	20
A Coruña	Clown	30

Cadro 171 Cursos de formación da Aula de Teatro en 2008

Aula de Letras

Na Aula de Letras realizouse durante o primeiro cuadrimestre de 2008-2009 un taller de lectura, dirixido polo profesor Joaquín Lameiro Tenreiro, e en maio, na Aula

de Prensa, falou o sociólogo e articulista do diario *El País* José Vidal-Beneyto.

Cátedra Jorge Juan

A Cátedra Jorge Juan organízana en Ferrol conxuntamente a Universidade da Coruña e a Armada. Xestiónase a través da Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade Empresa.

Baixo a dirección da profesora Julia Pérez Iglesias programáronse sete conferencias. Logo do relevo anual

establecido, pasou a dirixir esta cátedra o capitán de navío e enxeñeiro José María Cardona Comellas.

Obradorios

Organizáronse nove obradoiros (fotografía, ioga, risoterapia etcétera) estruturados por cuadrimestres. Concédenselle dous créditos de libre elección ao alumnado participante.

Deporte

Unha actividade específica da Universidade da Coruña que mobiliza, literalmente, a 5.000 persoas esixe un especial recoñecemento. É o caso da Área de Deportes, que durante 2008 estreou director na persoa do profesor da Facultade de Ciencias do Deporte Juan Fernández Romero.

Competición

As ligas universitarias contaron coa participación de, aproximadamente, 3.000 estudantes, pertencentes a 215 equipos.

Liga	Equipos
Fútbol	43
Baloncesto	21
Fútbol sala	127
Fútbol Sete	14
Voleibol	5
Balonmán	5
Total	215

Cadro 172 Número de equipos en ligas universitarias en 2008

Desenvólvese tamén unha liga de fútbol sala para profesores e PAS. Participan nela cinco equipos. Outras

120 persoas apuntáronse a deportes minoritarios, como tiro con arco, bádminton ou pádel.

No Trofeo Reitor, que vai xa pola novena edición, participaron 78 equipos en cinco modalidades diferentes.

Polo que se refiree ás competicións externas, o alumnado da UDC estivo representado nos Xogos Galaico-Durienses, nos Campionatos Galegos Universitarios e nos Campionatos de España Universitarios e Deporte Federado.

Na XXIII edición dos Xogos Galaico-Durienses, que tiveron lugar no campus de Gualtar, da Universidade de Minho, tomaron parte 46 alumnos da UDC. Nos Campionatos Galegos Universitarios a representación da UDC superou os 350 participantes.

Canto aos Campionatos de España, moi competitivos e competidos, a UDC estivo representada en 17 das 20 modalidades deportivas individuais e conseguiron catro medallas. Así mesmo, tivo representación en deportes colectivos con 29 equipos. Equipos de fútbol, rugby, baloncesto e bádminton competiron na modalidade de deporte federado.

Formación

A Área de Deportes contou con máis de 20 escolas deportivas e actividades, desenvolvidas tanto nas instalacións pertencentes á propia universidade coma naquelas coas que a Área de Deportes mantén acordos de colaboración. Ofertáronse 13 actividades, entre elas; xadrez, bádminton, tai-chi, batuka, voleibol, tiro con arco, wu-shu, rugby, taekwondo, bailes latinos, aeróbic e fútbol sala feminino. A participación foi superior ás 130 persoas.

Á marxe das escolas deportivas, ofertáronse 20 cursos de tenis de 8 horas e 10 cursos de escalada de 12 horas, cunha participación próxima ás 170 persoas. De igual xeito e como novidade, no apartado de actividades náuticas, tamén se ofertaron cursos de catamarán, windsurf e surf.

Como en anos anteriores, convocáronse cursos de formación para mergulladores deportivos, patróns de embarcacións de recreo, patróns de iate e monitores de tempo libre.

A Universidade subscribiu un acordo coa Xunta de Galicia para o uso das súas instalacións deportivas da

Coruña por parte dos socios da Área de Deportes e senllos acordos cos concellos de Ferrol e de Naróns para uso de piscinas municipais. Mantense a colaboración con dezanove ximnasiaos privados da Coruña e a súa área metropolitana.

Por último, cómpre indicar que 600 membros da comunidade universitaria tomaron parte nalgunha das actividades na natureza que se organizaron: camiña-

das, ráfting, quad ou rutas a cabalo, por citar só algúns exemplos.

A Área de Deportes organizou o II Campionato Galego de Natación e o Campionato Galego de Xadrez, así como o IX Campus de Fútbol Mauro Silva para nenos de 7 a 14 anos nas instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte.

Publicacións

En 2008 o Servizo de Publicacións xestionou a produción e/ou a promoción e distribución dun total de 36 libros e 9 revistas, cuxos títulos se expoñen a continuación agrupados nas respectivas coleccións ou series en que se integran.

Monografías

- Susana Menéndez Seoane, *Estudio y planificación de las bibliotecas públicas de la ciudad de A Coruña* (nº 129)
- José Ramón Soraluze Blond, *Historia de la arquitectura restaurada* (nº 130)
- Adolfo Luis Soto Vázquez, *Novela regional inglesa y sus traducciones al español* (nº 131)
- Ana Iglesias Galdo, *Educación e castigar. Unha historia do presente da xustiza de menores en Galicia* (nº 132)
- Susana Mosquera Monelos, *El papel de las ONG en la atención a la dependencia* (nº 133)

- Fernando Cabrera de Aizpuru, *Arquitectura naval europea en el siglo XVIII* (nº 134)
- Ademais, foi reimpresa a monografía de Pedro López Gómez e Olga Gallego Domínguez *El documento de archivo, un estudio* (nº 128)

Actas

- Xosé Ramón Freixeiro et al. (eds.), *Lingua e comunicación, IV Xornadas sobre lingua e usos* (nº 93)
- Araceli Torres Miño (ed.) Cátedra Jorge Juan, curso 2005-2006 (nº 94)
- Adolfo Rey Seijo (ed.), Cátedra Jorge Juan, curso 2006-2007 (nº 95)
- Ana Sánchez Bello e Ana Iglesias Galdo (eds.) *Tratamiento da violencia de xénero dende as políticas de igualdade* (nº 96)

- Rafael García Pérez e Marcos López Suárez (eds.) *Novos retos para a propiedade intelectual. II Xornadas sobre a propiedade intelectual* (nº 97)
- Marcelino Agís et al. (eds.) *Galicia y Japón. Del sol naciente al sol poniente*. (nº 98)
- Paz Romero Portilla e Manuel Reyes García Hurtado (eds.) *El libro en perspectiva. Una aproximación interdisciplinaria* (nº 99)
- Miguel Ángel Pérez Álvarez e Marcos López Suárez (eds.), *El tratamiento jurídico civil de la dependencia* (nº 100)

Manuais

- Amparo Alonso Betanzos et al. *Fundamentos de inteligencia artificial* (Libro Universitario Galego, nº 1)
- Primitivo González López, *Técnicas de construcción naval* (Libro Universitario Galego, nº 2)
- Reimprimíronse, ademais, os manuais de Enrique Casanova Rivas, *Máquinas para la propulsión de buques* (nº 16) e o de Felipe Louzán Lago et al. *Manual del operador GMDSS* (nº 18).

Coedicións

- Laura Oso Casas et al. *Los colectivos migrantes ante el proceso de emprendimiento en Galicia* (en colaboración coa Xunta de Galicia)
- Rosa Eugenia Montes Doncel, *Pragmática de la lírica y escritura femenina. Sor Juana Inés de la Cruz* (en colaboración coa Universidad de Extremadura)

- *O himno galego. Documentos históricos 1890-1907* (en colaboración coa Universidade de Santiago e a Universidade de Vigo)
- Carlos Nárdiz Ortiz, *La construcción de los bordes de las carreteras en Galicia* (en colaboración coa Xunta de Galicia)

Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor

- Luís de Camões, *Auto chamado dos Enfatriões* (nº 53)
- Marica Campo, Francisco Rodríguez, *O Divino Sainete. Adaptación teatral da obra homónima de Curros Enríquez*. (nº 54)
- Antonio Gramsci. *Escritos sobre teatro [1916-1917]* (nº 55)
- Antonio Gramsci. *Escritos sobre teatro [1918-1920]* (nº 56)
- Camilo Castelo Branco, *O morgado de Fafe em Lisboa. O Morgado de Fafe Amoroso* (nº 57)

Anexos de Revista de Lexicografía

- Mar Campos Souto et al. *La lexicografía bilingüe y di-
dáctica: ayer y hoy* (nº 8)
- José Álvaro Porto Dapena et al. *El Diccionario 'Coruña' de la lengua española actual: planta y muestra* (nº 9)

Anexos de Revista Galega de Filoloxía

- José António Souto Cabo, *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII* (nº 5)

Nova Terra

- Carlos López Fernández, *Actividad sísmica, zonación sismotécnica y riesgo sísmico en el NO de la Península Ibérica* (nº 35)
- Jürgen F. Von Raumer, Franz Lotze (1903-1971). *The Doctoral Theses of his Students in Spain and Portugal*. (nº 36)

Homenaxes

- Manuel Reyes García Hurtado (ed.) *Modernitas. Estudos en homenaxe a Baudilio Barreiro* (nº 7)

Publicacións institucionais

- José María Álvarez Blázquez, *Iris 8* (Publicación conmemorativa das Letras Galegas 2008)
- Luciano Rodríguez (ed.) *17 poetas galegos*

Revistas

- *Conceptos* 5, 2008
- *ROTUR* 1, 2008
- *Anuario de Dereito* 12, 2008
- *Revista G_P de Psicoloxía e Educación* 16, 2008
- *Ambientalmente Sustentable* 5, 2008
- *Lenguaje y textos* 27, 2008
- *Revista Galega de Filoloxía* 9, 2008
- *Cadernos* 33, 2008
- *Revista de Lexicografía*, 14, 2008
- *Cancionero General* 6, 2008

De acordo cos obxectivos previstos no plano estratéxico elaborado en 2007, o Servizo de Publicacións da UDC puxo en marcha accións concretas destinadas a acrecentar a difusión dos seus produtos editoriais por medio das TIC, procurar vías de distribución comercial que complementasen as xa existentes, sobre todo nos mercados internacionais e reforzar as súas alianzas no sector editorial.

Canto ao primeiro punto, dixitalizouse o fondo de revistas da UDC e etiquetáronse os arquivos PDF correspondentes a cada un dos seus artigos para a súa publicación no repositorio institucional da UDC. Así mesmo, introducíronse os datos do catálogo editorial do Servizo de Publicacións na plataforma de información e xestión editorial DILVE. Canto ao segundo punto, asináronse contratos de distribución comercial coa empresa Biblos Cuble de Lectores, de ámbito galego, e con Studia Humanitatis, especializada no mercado norteamericano.

Canto o terceiro punto, formalizouse o ingreso do Servizo de Publicacións en CEDRO e publicáronse os dous primeiros volumes da nova colección Libro Universitario Galego, que coeditan as tres universidades galegas, baixo a patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

	2006	2007	2008
Libros recibidos	1.061	1.138	1.116
Revistas recibidas	277	502	460
Libros enviados	Sen datos	1250	1450
Revistas enviadas	Sen datos	948	804

Cadro 173 **Datos de intercambio de publicacións 2006-2008**

Cursos e congresos

A partir de 2008, a convocatoria de axudas da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación para xornadas, cursos e ciclos de conferencias procurou remarcar o seu carácter divulgativo, destinado a públicos amplos e non só universitarios. Diferénciase así e complementa, ao mesmo tempo, as axudas de carácter netamente científico da Vicerreitoría de Investigación. O número total de reunións que tiveron como marco a UDC superou a cifra de 200.

Acolléronse ás axudas para a organización de eventos un total de 15 ciclos de conferencias e 26 xornadas

ou simposios e concedéronse subvencións a máis de 150 iniciativas de distintas características.

Continuou a progresión dos cursos de verán da Universidade da Coruña. Realizáronse con éxito de participación e interese once cursos de verán, ao abeiro da convocatoria de axudas 2008. Ampliouse tamén, con idea de continuidade e extensión, a localización de varios destes cursos en localidades do contorno metropolitano coruñés, como Carballo, Sada ou Pontedeume.

Curso	Director/a
Interpretación do patrimonio ou como facer unha comunicación eficaz	Serantes Pazos, Araceli
IV Curso de Verán: "Xénero e políticas de Igualdade". A cidade e a paisaxe: Unha cuestión de xénero	Campos de Michelena, Pascuala Sánchez Bello, Ana
Módulo de especialización técnica en auga e saneamento en proxectos de acción humanitaria e cooperación ao desenvolvemento.	González Peña, Enrique García Perez, Ofelia
Módulo de especialización en acción humanitaria e transición ao desenvolvemento. Marco legal e loxística en proxectos de cooperación internacional	González Peña, Enrique García Perez, Ofelia
O proceso penal en España. Unha reforma procesual pendente	Pérez-Cruz Martín, Agustín-J. Gimeno Sendra, Vicente
Vivenda e espazos de relación nos núcleos tradicionais de Galicia	Freixedo Alemparte, Alfredo
O cinema do Estado español a debate ante o terceiro milenio	Castro de Paz, José Luis
Introdución á divulgación científica na sociedade	Sanjuán Pérez, Antonio Ares Sanmartín, María
XI Curso de verán de pensamento Carlos Gurméndez: Retos e valores do xornalismo e a información	Dobarro Paz, Xosé María Pérez Rodríguez, Antonia
IV Curso de verán sobre dinamización lingüística "Traballando en lingua"	Freixeiro Mato, Xosé Ramón
II Curso de verán de lingua e cultura galega para estranxeiros	Fernández Pérez - San Julián, Carme

Cadro 174 Cursos de verán da UDC en 2008

Oficina de Igualdade de Xénero

O día 1 de outubro, a anterior directora, Ana Sánchez Bello, cesou por propia solicitude e a dirección da Oficina pasou a Patricia Faraldo Cabana, profesora titular de Dereito Penal.

A oficina organizou un curso de verán sobre xénero e políticas de igualdade e unhas xornadas sobre políticas de cooperación con perspectiva de xénero, que se desenvolveron na Facultade de Dereito con financiamento do Parlamento de Galicia.

Así mesmo, púxose en marcha a diagnose base para elaborar un plano de igualdade de oportunidades na UDC e asinouse un convenio marco de colaboración coa Fundación Blanca Arauz de Nicaragua.


A realizadora ferrolá Peque Varela, autora da curtametraxe "1977" recibiu o premio Mulleres Ciencia Arte 2008 da UDC.

Cooperación e voluntariado


A Universidade da Coruña está comprometida coa loita por un mundo mellor, máis xusto, máis solidario. Ese compromiso asume moitas facetas. Está o traballo voluntario e persoal de membros da comunidade universitaria que realizan tarefas en países do Sur, en comercio xusto ou mediante proxectos de investigación aplicada. Están tamén quen forman parte da nosa rede de voluntariado en zonas deprimidas do noso contor-

no (As Rañas, O Portiño) ou en centros como o de Acolida de Menores de Bañobre ou o Fogar Santa Lucía. A UDC ofrécelles a todas estas persoas a súa experiencia mediante cursos de formación moi requeridos.

En 2008, o director da OCV, Enrique Peña, presentou a súa dimisión do cargo.



Cadro 175 Voluntariado por estudos en 2008. Campus da Coruña



Cadro 176 **Voluntariado por estudos en 2008. Campus da Ferrol**

En cooperación ao desenvolvemento realizouse a segunda convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Realidade (PCR) e a terceira de axudas a proxectos de investigación (Fondo 0'7). A OCV colaborou en acti-

vidades ou campañas doutras ONG, como Enxeñaría sen Fronteiras Galicia, Intermón-Oxfam, a Coordinadora Galega de ONG de Desenvolvemento, Coopera, InteRed Galicia ou Unicef-Galicia.

Normalización lingüística

A dinamización lingüística é unha das tarefas máis importantes que realiza o Servizo de Normalización Lingüística, que ten como finalidade última contribuíren

ao aumento do uso da lingua entre a comunidade universitaria. As actividades máis salientables foron as seguintes:

Curso	Asistentes
Actualización Normativa Aplicada á Linguaxe Administrativa	22
Lingua Galega para a Arquitectura e a Construción	17
Linguaxe Administrativa – Nivel Medio (4 convocatorias)	75
Linguaxe Administrativa – Nivel Superior	29
Total	143

Cadro 177 Cursos de lingua galega para PDI e PAS

- Realizouse o II curso de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros. Asistiron un total de 23 persoas de dez nacionalidades.
- Desenvolveuse a campaña *Este tamén é territorio galego: nas aulas fala o teu idioma*, para estimular o emprego da lingua galega no interior da aula. Así mesmo, levouse a cabo unha campaña de difusión dos dereitos lingüísticos entre toda a comunidade universitaria.
- En 2008 concedéronselles axudas económicas e de asesoramento lingüístico para todas as persoas que as solicitaron, un total de 59.
- No apartado de premios e concursos, convocouse o V Premio Luisa Villalta a Iniciativas Normalizadoras. Nesta convocatoria quedou deserto, ao non se adecuaren os traballos presentados ao contido das bases.

A máis disto, o Servizo de Normalización Lingüística asesora, resolve dúbidas, traduce e corrixe textos. Estas dúas últimas actividades son as que absorben máis dedicación diaria. En 2008 o persoal do servizo corrixiu un total de 6.712 páxinas e traduciu arredor de 1.500, cifra que supón un descenso a respecto do ano 2007, en que se procesaron mil páxinas máis.